




Escribir sobre Vigo



Ramón Otero Pedrayo

Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976) é unha das máis sobranceiras figuras da Historia da cultura galega. Membro destacado da Xeración Nós, a súa traxectoria vital e intelectual vai dende as cortes republicanas, nas que foi deputado galeguista, ata a presidencia de Editorial Galaxia, cargo que desempeñou ata a súa morte. Foi tamén presidente do Seminario de Estudos Galegos e catedrático de Xeografía na Universidade de Santiago. Otero Pedrayo foi un escritor que cultivou todos os xéneros literarios, dende a poesía ao teatro, pasando pola novela, o relato, o xornalismo e, por suposto, o ensaio. Da súa obra literaria cómpre salientar as novelas *Os camiños da vida* (1928), *Arredor de si* (1930) e *O señorito da Reboraina* (1960), os ensaios sobre a paisaxe e a cultura de Galicia, o poemario *Bocarribeira* (1958) e a súa achega ao eido teatral.



Naceu en 1888 en Ourense, no seo dunha familia fidalga, culta e liberal. Coursou o Bacharelato en Ourense e a licenciatura en Dereito e Filosofía e Letras en Madrid. Volveu á súa cidade natal, onde desenvolveu unha actividade cultural moi importante ao redor do Ateneo, xunto con Vicente Risco, Florentino Cuevillas e Primitivo Rodríguez Sanjurjo entre outros. Otero entraría con este grupo en 1918 nas Irmandades da Fala, tomando consciencia da problemática do país.

En 1919, Otero gañou as oposicións a cátedras de ensino medio e axiña foi destinado ao Instituto de Ourense. Desde 1921 dedicouse por completo á actividade cultural galeguista e ao cultivo das letras. Colabora en diferentes xornais e revistas, entre eles *A Nosa Terra* e *Nós*. Dirixe a sección de Xeografía e Historia do Seminario de Estudos Galegos e principia o seu labor como escritor.

Participa na fundación do Partido Galeguista e sae elixido, en 1931, deputado das Cortes Constituíntes. Traballou na aprobación do Estatuto de Galicia. Otero situábase no bando conservador do partido, pero acatou a decisión da maioría de integrarse na Frente Popular. Durante a Guerra Civil mantívose fiel á causa galeguista, a pesar do seu talante relixioso e conservador, polo que foi expedientado e cesado como catedrático de instituto, tralo que se retirou á casa familiar de Trasalba.

En 1949 foi restituído na súa cátedra de Instituto e no ano seguinte gañou a cátedra de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Participou tamén na fundación da Editorial Galaxia, da que foi presidente ata a súa morte. En Compostela vivirá ata 1958, etapa na que dende a tertulia do Café Español orientará á mocidade galeguista que está a xurdir nos ambientes universitarios. Este papel de patriarca das letras e da cultura galega exerceuno ata o seu falecemento en 1976.

A súa obra está composta por numerosos títulos de todos os xéneros. Cultivou a novela, o relato, a poesía, o teatro, escribiu artigos en prensa e numerosos ensaios sobre a cultura e a paisaxe de Galicia. A súa primeira obra narrativa foi a novela curta *Pantelas, home libre* (1925). A esta seguiron algunhas das súas mellores obras, como *Escrito na néboa* (1927), *Os camiños da vida* (1928), *Arredor de si* (1930) e *A romaría de Xelmírez* (1934). Xa na posguerra apareceron libros como *O señorito da Reboraina* (1960) e o poemario *Bocarribeira* (1958).


Otero Pedrayo foi un home dunha vasta cultura, integrante do grupo Nós. Recibiu múltiples influencias ao longo da súa vida, tanto clásicos gregos, como narradores decimonónicos e os seus contemporáneos Kafka, Proust e Joyce, do que traduciu anacos do *Ulises*.

Ramón Otero Pedrayo, *Guía de Galicia*

***L**a Ría de Vigo, sin articularse en profusión de senos y valles afluentes como la de Arosa, ofrece un contorno de belleza acrecida por su doble óvalo: El propio de Vigo y el de Redondela, del Ulló o de Pontesampayo. En toda ella domina la combinación de la masa, en general tranquila, de profundos grises y azules de las aguas con las formas de las montañas tendidas en cúpulas, como Domayo o alzadas en picos de preciso dibujo y las altas y brillantes rocas de las Islas Cíes. Son éstas bellísimas en su frontal duro oceánico y en la suavidad de sus formas interiores cóncavas hacia la ría.*

Álvaro Cunqueiro

Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911 - Vigo, 1981) dedicouse desde moi novo á literatura e ao xornalismo. A súa obra abrangue todos os xéneros e os máis diversos temas, desde a poesía ao libro de cociña, pasando pola narración e o drama. Dotado dunha singular fantasía e dunha extraordinaria capacidade de fabulación, Cunqueiro anovou fondamente a literatura galega. A súa mestría lingüística, o seu libérrimo uso das convencións literarias, o poder que a súa literatura lle asigna á imaxinación, a integración de distintas tradicións culturais e estilísticas nun todo novidoso e persoal fixeron do autor de obras como *Merlín e familia*, *As crónicas do sochantre*, *Os outros feirantes*, *Don Hamlet*, *Herba de aquí e acolá*, *Si o vello Sinbad volveuse ás illas*, *Escola de menciñeiros*, *Tesouros novos e vellos*, unha das figuras máis importantes da historia da literatura galega que, ademais, conta con múltiples traducións a outras linguas.



Álvaro Cunqueiro Mora naceu en Mondoñedo en 1911. Na botica do pai entrou en contacto coas historias e cos tipos populares do país. En 1922 trasladouse a Lugo para cursar o Bacharelato, e despois a Compostela para estudar Filosofía e Letras. Alí descubriu a obra dos autores vangardistas que influirían nos seus primeiros poemarios, e participou de forma activa na vida cultural da época. Coincidiu en Compostela con García-Sabell, Torrente Ballester, Carballo Calero, Luís Seoane, Maside, Colmeiro e outros integrantes intelectuais galegos do momento.

De volta en Mondoñedo promoveu a aparición de varias publicacións de corte vangardista. Nesta liña publicou os poemarios *Mar ao Norde* (1932), *Cantiga nova que se chama Ribeira* (1933) e *Poemas do si e do non* (1933).

Nos anos 40 comezou a súa andaina como narrador galego: novelas (*Merlín e familia* e outras historias, *As crónicas do Sochantre* e *Si o vello Sinbad volveuse ás illas*) e libros de relatos (*Escola de Menciñeiros*, *Xente ao lonxe...*). Escribe ademais pezas dramáticas como *O incerto señor Don Hamlet Príncipe de Dinamarca* (1958). É autor tamén dunha importante obra en lingua castelá.

Ingresou na Real Academia Galega en 1961, ano no que comezou a traballar no xornal *Faro de Vigo*, do que foi director. Recibiu un importante número de galardóns e homenaxes.

Cunqueiro superou o concepto tradicional dos xéneros e construíu un universo literario coherente no que tratou elementos populares e recreou mitos e personaxes históricos e

literarios. A súa obra literaria conforma un corpus singular que o sitúan como un dos mellores escritores galegos e universais do século XX.

Álvaro Cunqueiro, *Artigos do Faro de Vigo*.

CIDADE DE VIGO

Unha cidade é mitoloxía —é dicir, no extremo, espírito— e xeografía, metade e metade. As cidades apresúranse un día, detéñense ou retroceden outro. Nalgunhas, como en Vigo, parece que se acumulou de pronto gran cantidade de savia, e brótanlle á cidade grandes e poderosas ponlas. Todo irá ben, mui ben, si se acepta por todos que esas ponlas son da arbre, serán louzás mentres sexan arbre, fillas de interiores e necesarios impulsos. Unha cidade é un resultado imprevisible dun proxecto que ninguén coñece. Hai un núcleo —eso que remata por se chamar, cidade vella— onde prendeu o lume. Quizabes alí estean claras as lealtades. Pregúntenlle os vigueses ao vello núcleo, ao antigo rueiro e aos peiraos, para que naceu a cidade cabo do mar? Fagan os vigueses a súa cidade -oh! sin prisa ningunha- conforme ao espírito mariñeiro e mercantil das súas orixes... Gustaríame saber que nas súas horas libres os concelleiros vigueses abren unha historia da Hansa, das cidades do mar, e ven como se van fagundo, como crecen, como se perfilan, enriquecen e aínda se aristocratizan e ensombrecen Riga, Lubeca, Breme, Tilsit... eses Vigo do Báltico e o Norte.

CAMELIAS

Coma outros anos, cheguei a Vigo cando frolecen os camelios. Eu ámoos como Miss Ba, como Stefan George, como Ungaretti... Frolecen cando todo morre, Perdéfone marchou e omundo está cuberto cun manto de choiva e frío. De entre as follas de charón vense estalar frores brancas e frores vermellas. Na rúa de garcía barbón vin nacer, seguidas, sete camelias brancas. Ao abriren estalan, e dicen algo que non damos escoitado, que o estorban os tranvías horrísonos. Acaso sexa non máis que un, aí! Nada ten Vigo máis fermoso que eses camelios urbanos, e ocórreseme que debía haber un empleado municipal —debería ser poeta. Emilio Álvarez Blázquez—, que vixiase a chegada da primeira camelia, como en Siena vixían o primeiro Lirio, e fixésemos festa. No Xapón é a fror que se ofrece ao regresar dunha longa viaxe. Regresar é sempre outono. Pero a camelia é optimista: nace, perfecta, tanto coma a rosa, nos días escuros. E non morre na arbre: cae, para morrer, intacta, e seméllame crer na resurrección das camelias. A rosa, de tan breve vida, como crer na resurrección das rosas? Fontenelle decía que as rosas cren na inmortalidade dos xardineiros, porque ata onde lles alcanza a memoria das rosas, nunca non viron morrer ningún.

Eduardo Blanco Amor

(Ourense 1897-Vigo 1979). A produción literaria de Blanco Amor comezou coa publicación de *Romances Galegos* (1928). A principios dos anos trinta entra en contacto con Castelao e con outros membros do Partido Galeguista e do Grupo Nós. Escribe *Poema en catro tempos* (1931) e desde Bos Aires colabora coa revista *Nós*.

Foi ademais o fundador e director do Teatro Popular Galego (1957). Antes de abandonar definitivamente América, Blanco Amor publicou *A Esmorga* (1959), libro que será nun dos grandes fitos da renovación da narrativa galega, e xa en Galicia leva ao prelo *Os biosbardos* (1962). Tras publicar unha nova edición de *A Esmorga* (1970) e a longa novela *Xente ao lonxe* (1972), centrou a súa produción no teatro (*Farsas para títeres* e *Teatro pra a xente*).

No Ourense da súa infancia e xuventude (a Auria que se converterá en referencia constante da súa narrativa) recibe o maxisterio de Risco e o Cenáculo Ourensán ampliando a súa autodidacta formación na Arxentina, a onde emigra no 1919, en plena eclosión cultural. Animador das institucións galegas de alén mar, dedicou toda a súa vida á concienciación e culturización dos emigrantes. En 1929 retorna a Galicia por dous anos como corresponsal de *La Nación*, tomando contacto coa Xeración Nós e co Partido Galeguista, chegando a comprometerse co galeguismo republicano, polo que traballará incansablemente. Enviado polo mesmo xornal, regresa a España por dous anos en 1933, relacionándose daquela coa intelectualidade española do momento e colaborando con Lorca nos “Seis poemas galegos”. Volve definitivamente a Galicia no 1965, sen recibir o apoio que cría merecer. A súa vida profesional xira en torno a unha intensa actividade xornalística, na que destaca a dirección da revista *Céltiga* e a da literaria *Terra*, a dos Xornais Galicia da Federación de Sociedades Galegas e Galicia do Centro Galego, e a xefatura de redacción na madrileña *Ciudad*. Froito deste labor xornalístico son *Chile a la vista* (1951), *Las buenas maneras* (1956) e as compilacións *La peligrosa aventura de vivir en un pueblo* (1990) e *A contrapelo* (1993). Iniciouse na literatura compoñendo poesías, pronto en galego que recollería en *Romances galegos* (1928), ao que seguirían *Poemas en catro tempos* (1931) e *Cancioneiro* (1956); no intervalo escribe dous libros en castelán: *Horizonte evadido* (1936) e *En soledad sonora* (1941). Como obras de mocidade evidencian a súa dependencia dos modelos do momento, do neopopularismo á poesía existencial pasando polo neotrobadorismo. O eixo



temático dominante é o amor, habitualmente non correspondido e con presenza de símbolos homoeróticos. O esmero compositivo dos poemas únese á solidez estrutural en *Poema en catro tempos* (1931), elexía á morte dun pescador, insólita no noso panorama. Acento distinto teñen os *Cantos á Galicia encadeada* (1946), cun eu social moi relevante porque inaugura na nosa lírica un tipo de signo politicamente comprometido.

Inicia a súa escrita teatral na Guerra Civil e xa non deixará de compor nin de participar activamente en proxectos escénicos, tanto na Arxentina coa creación e dirección do Teatro de Cámara El Tinglado e do Teatro Popular Galego amais das clases de lectura e dicción, coma en Galicia, onde nos anos 70 se converte en figura emblemática de teatro independente. Escribe, así mesmo, *Farsas para títeres*, *Teatro para xente* (1974), *Proceso en Jacobusland* (1980, escrita no 73 e censurada no 74 e 76).

Nas primeiras experiencias narrativas apenas toca a experiencia galega, salvo en *Os nonnatos* (1927). Tanto *Cuentos de la Ciudad* como *A escadeira de Jacob* son humorísticas e acedas narracións cosmopolitas con imaxes vangardistas coas que se mesturan elementos dramatúrxicos. A partir de entón na súa obra narrativa, tanto en galego coma en castelán, vai configurándose como un macrotexto: de aí un só espazo literario (Auria), un predominante punto de vista (primeira persoa auto-homodiexética), un tempo (finais do século XIX) e unha sociedade (a de provincias, hipócrita e xerarquizada), unha panorámica histórica e social da Galicia da súa infancia. *La Catedral y el Niño* (1948), *A Esmorga* (1959), *Os Biosbardos* (1962), *Los miedos* (1963) e *Xente ao lonxe* (1972 con censura e 1976 sen censurar) son boas mostras de todo e isto.

Eduardo Blanco Amor, *Artigos en La Nación* ("Galicia por la proa").

***E**nfilamos hacia el fondeadero de esta maravillosa
bahía de Vigo. Una luz curiosísima con calidades árticas
establece perspectivas increíbles sobre el gris plata de
las aguas, ya más tranquilas, en el puerto. A veces las sierras
del contorno se broncean en los picachos, con fuertes
violetas en las escarpaduras.
Las altas praderas son como esmaltes mojados que
brillan en esta atmósfera parda y anochecida, como si tuviesen
luz de suyo. Borneiro y Cabo de Mar rinden su
destello rojo y verde, como dos centinelas, al paso de los
trasatlánticos. Las balizas de la dársena lanzan culebrinas
de fuego frío, que llegan por el agua tremante, hasta los
flancos de la nave.*

Outro fragmento:

*V*igo coloca los collares de luces de sus avenidas paralelas al mar. De un solo golpe, nuestra memoria hace rápido inventario de todo. Al fondo la ensenada del arenal y el Monte de la Guía, con su capilla blanca. Enfrente la ciudad, bajo la fortaleza del Castro, apenas diseñada por la últimas luces de un crepúsculo de aguafuerte. Allá lejos Bouzas, industriosa y rica; en frente Cangas, en su ensenada de arenas de oro, y Moaña, entre la playa y las viñas, con sus casas y pinares hasta el mar; casi en frente, la ribera del Berbés, el paraje más característico de Vigo, abigarrado, rumoroso, con la hartura de su riqueza marinera, sus lonjas encendidas de griterío, el cálido pintoresquismo de sus gentes, dedicadas bajo recovas medievales a todos los menesteres preludiales de la pesca y a su envase y distribución después.

Antía Cal

Antía Cal Vázquez (A Habana, 1923) naceu en Cuba mais volveu a Galicia coa súa familia de nena. Licenciouse en Xeografía e Historia na Facultade de Letras de Compostela no ano 1945. A súa vocación pola pedagogía, impulsada polo seu home, Antón Beiras García, e influída polas correntes pedagóxicas que coñeceu viaxando con el por Europa, levárona a crear no ano 1962 a Escola Rosalía Castro de Vigo. Fronte a escola daquela época, o Rosalía foi pioneiro en moitos aspectos: unha escola laica, mixta, bilingüe (co inglés como segundo idioma desde o parvulario), na que primaba o respecto ao alumno, como suxeito de dereitos, e cunha didáctica activa na que mestres, pais e alumnos participaban do proxecto pedagóxico. Unha escola inserida no entorno social, comprometida coa reivindicación da realidade e a cultura galega, e en contacto estreito cos novos movementos de renovación pedagóxica, coma a Escola de Mestres Rosa Sensat de Cataluña, liderada por Marta Mata. Antía Cal segue a ser hoxe unha das voces máis autorizadas que temos en Galicia no ámbito da pedagogía.



Antía Cal, *Este camiño que fixemos xuntos* (Memorias)

Atravesía durou trece días, incluída a escala neoiorquina. E unha mañá, case sen avisar, acordei no porto de Vigo. Cando me erguín, atopei o barco aboiado na ría, e non daba creto de tanta bonitura. Todo ao meu arredor era magnífico: os montes verdes, os outros barcos fondeados, as pequenas embarcacións de pesca, as casiñas todas ciscadas polas ribeiras... A miña primeira visión da ría de Vigo e da cidade dende o barco, antes de seguir viaxe cara ao porto da Coruña, que era onde habíamos desembarcar, recoñezo que foi impresionante.


Outro fragmento:

Antón gustaba moito de Vigo. Decía que era a gran cidade de Galicia: aberta, cosmopolita, liberal, moi distinta da atmósfera e do ambiente da Compostela da época, que estimaba opresiva de máis.

Xosé María Álvarez Cáccamo

Naceu en Vigo en 1950. Estudou Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela e dende 1973 exerceu de profesor de Literatura en varios institutos de Galicia. Destaca como poeta, aínda que tamén publicou relatos breves, algunha peza teatral e textos para o público infantil. Como ensaísta centrouse na poesía galega da segunda metade do século XX, con estudos como *Vida de Antón Avilés de Taramancos*, A comezos do 2006 publica en Galaxia as súas memoria baixo o título de *Memoria de poeta*.

Da súa obra lírica destacan os poemarios *Luminoso lugar de abatimento*, Premio Esquíu 1986, e *Calendario perpetuo*, Premio da Crítica de Galicia 1998. Formou parte dos consellos de redacción dos suplementos Galicia Literaria de *Diario 16 de Galicia* e Faro das Letras de *Faro de Vigo*. Foi membro do Foro da Cultura e na actualidade forma parte do consello de redacción da revista *Grial* e do colectivo Burla Negra.



Xosé María Álvarez Cáccamo, *Memoria de poeta*

Hai outra poética viguesa, esa si recoñecida e aplaudida,
a dos moi notábeis edificios de pedra construídos ao longo
da primeira metade do século XX, obra de Jenaro de la Fuente,
Paczewich, Gómez Román, Antonio Palacios, Francisco Castro
Represas, ou a máis nova da segunda metade, arte contemporánea
de Bar Boo, Desiderio Pernas, César Portela, Alfonso Penela,
Mariano de Labra...

E este anaco sobre a vista da Ría de Vigo dende a súa casa:

*A praza do mar, circundada pola
fita de costa que vai de Rande a Pontesampaio e desde alí regresa
por Paredes, O Toural, Santa Cristina e San Adrián de Cobres,
é un dos espazos máis fermosos de Galiza. Paisaxe
cóncava, clausura acuática, célula primeira do mar de Vigo,
este mundo sereno é todo o que os meus ollos necesitan. É to -
do o que lles entrego aos meus fillos nestes versos: “Non hai
outro universo / que este vaso de ar / a derramar despacio /
unha luz de augas verdes / sobre as veigas. / O mundo / é redondo:
as montañas / escriben no horizonte / unha liña crecente
/ de lúa impredecíbel. / O mar forma unha esfera / que
roda entre as areas. / Os vosos ollos baixan / a boiar, sorprendidos
/ da redondez do mundo.” Xa sei que esaxero. Pretendía
só facerlles ver que no círculo deseñado polos montes arredor
da enseada de San Simón resume a terra o seu significado. Este
é o seu planeta principal e desde aquí sairán a coñecer illas e
continentes, grandes cidades e aldeas lonxincuas. Vilar será sempre
o seu centro, como Coruxo e As Travesas constitúen a nación
esencial da miña memoria.*

Manuel Forcadela

Manuel Forcadela (Tomiño, 1958) é profesor na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Poeta e novelista, como estudoso da literatura é autor de obras coma *A harpa e a terra: unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal* (1988), *Manual e Escolma da Nova Narrativa Galega* (1993) e de varios traballos sobre Blanco Amor. Como estudoso da literatura publicou as seguintes obras: *A harpa e a terra: unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal* (1988), *Guía de lectura de A Esmorga* (1991);

Manual e Escolma da Nova Narrativa Galega (1993); *A poesía de Eduardo Pondal* (1994), fixo a edición crítica da *Poesía de Eduardo Pondal* (1988) e *A poesía galega de posguerra* (1997). Como poeta publicou *Ferida acústica de río* (1982) que foi Premio Celso Emilio Ferreiro; *O regreso das ninfas* (1985); *O varredor en outono* (1987), Premio Leliadoura; *Nausícaa* (1992); *Profecía* (1993); *Morte do fadista* (2000), Premio Espiral Maior; *Refutación da Musa* (2001), Premio da Aula de Poesía de Barcelona. En 2008 publica en Galaxia o poemario *Música de cinza*. A súa obra narrativa comprende os seguintes títulos: *Paisaxe con muller e barco* (1990), Premio de Novela García Barros; *Sangue sobre a neve* (1990); *Barato, barato* (1991); *Contos interruptus* (1992); *Fóra de xogo* (1993); *Anxélica* (1994); *A equipaxe do azar* (1994); *A armada invencible* (1996) e *A procura do falso Grial* no 2005.



Manuel Forcadela, *A procura do falso Grial*

Non é frecuente que neve en Vigo. A especial climatoloxía da cidade, bañada por unha corrente de auga quente que chega do golfo de México, despois de atravesar o Atlántico, fai que a neve sexa sempre un espectáculo, un acontecemento que moitos se negan a esperar, sabedores de que, por moito frío que vaia, por máis que neve nas vilas dos arredores, na cidade prevalecerá sempre esa especie de privilexio especial que a fai, se cadra, máis comfortable.

Castelao

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo 1886-Bos Aires 1950) é unha das personalidades máis ricas e fecundas do movemento galeguista. Licenciado en Medicina, abandonou moi cedo a práctica desa profesión para dedicarse ás que eran as súas verdadeiras vocacións: a arte e a reivindicación integral de Galicia. A súa actividade desenvolveuse na creación literaria, no xornalismo gráfico, na pintura, no teatro e na política. Membro destacado da Xeración Nós e home comprometido, no marco do Partido Galeguista, coa defensa da autonomía para Galicia e coa causa republicana, a súa figura alcanzou co paso do tempo unha dimensión mítica. Entre as súas obras máis importantes están *Cousas*, *Cousas da vida*, *Os vellos non deben de namorarse*, *Os dous de sempre*, *Sempre en Galiza* e *Retrincos*. En 2011 a Xunta de Galicia declarou a súa obra Ben de Interese Cultural. Castelao é unha das figuras galegas máis relevantes de todos os tempos. Desenvolveu un labor fecundo en varios campos, na súa triple faceta de debuxante, escritor e político. A súa biografía está moi vinculada á súa militancia no galeguismo e aos acontecementos históricos que viviu. Naceu nunha familia modesta de Rianxo. Aos nove anos emigrou a Arxentina para regresar en 1900. Estudou Medicina en Santiago. En 1916 instalouse en Pontevedra logo de gañar unha praza de funcionario, que combinou coa docencia como mestre de debuxo no instituto da cidade. Ese mesmo ano ingresou nas Irmandades da Fala e a partir do ano seguinte comezaron as súas colaboracións en *A Nosa Terra*. Nesta época xa era recoñecido pola súa obra plástica. En 1919 expón as 50 estampas do álbum *Nós* e publica a conferencia *Arte e galeguismo*. A partir de 1920 encargouse da dirección artística da revista *Nós*, que se acababa de crear. Logo dunha viaxe por Europa na que elabora *Diario 1921*, comezou a publicar no xornal *Galicia* as *Cousas da vida*. En 1922 publicou *Un ollo de vidro*. *Memorias dun esquelete*, a súa estrea como escritor en prosa. A esta noveliña seguirían outras obras como *Cousas* (1929), quizais a súa creación literaria máis significativa e orixinal, *Os dous de sempre* e *Retrincos* (1934). Nos anos 20, perdeu o seu fillo e agravóuselle unha doenza ocular que padecía. Nestas circunstancias marchou para a Bretaña, onde comezou *As cruces de pedra na Bretaña*, dada a coñecer en 1930. Castelao foi un dos fundadores do Partido Galeguista (1931). Coa chegada da II República intensificou a súa actividade política. Foi deputado por Pontevedra en 1931 e 1936 e defendeu o nacionalismo, o federalismo e o internacionalismo, ademais de ser un dos principais impulsores do Estatuto de Autonomía de Galicia.



En 1934 foi trasladado a Badaxoz, onde comezou a redacción de *Sempre en Galiza*, obra clave do galeguismo que publicou en 1944. Nos anos da guerra comprometeuse enteiramente coa defensa da República. Nesta época publicou álbumes de guerra como *Galiza Mártir*, *Atila en Galiza* e *Milicianos*. Exiliado en Bos Aires, seguiu desenvolvendo dende o exterior unha intensa actividade política e creativa. En 1941 publicou *Os vellos non deben de namorarse*, unha das máis sinaladas pezas do teatro galego. En 1950 morreu na capital arxentina vítima dun cancro. O xenial galeguista é sen dúbida unha das figuras máis importantes da Galicia do século XX, polas súas contribucións nos ámbitos político e artístico. Como debuxante evolucionou dende o costumismo ata unha arte posta ao servizo da denuncia social e da situación de Galicia. A través dos seus debuxos e caricaturas chegou a un público amplo co seu humor satírico e irónico. Na súa actividade literaria empregou técnicas similares co mesmo obxectivo de promover a conciencia colectiva de Galicia.

Castelao: *Os dous de sempre*

Os faroles municipais, choscos de sono, alumean
aínda. Nas motoras atracadas brillan os peixes de prata.
As mulleres, arrefeigadas van e veñen patuxando
cos pés descalzos na la ma gris e marulleira. Na lonxa
hai un bruído abrouxador; chíos de mulleres e orneos
de homes; as voces dos vendedores parece que contan
o tempo ó rivés: ¡doce!, ¡once!, ¡dez!, ¡no ve!,
¡oito...! Pasan en caixóns os peixes, a centos, a milleiros,
a millóns. Siguen atracando novas motoras, acuguladas
de peixes grandes como arroaces. Algúns
peixes traen ollos redondos e brillantes coma lúas cheas.

Víctor F. Freixanes


Víctor Fernández Freixanes (Pontevedra, 1951) é doutor en Filoloxía Románica, pasou da docencia escolar ao xornalismo, de aí ao mundo da edición e, finalmente, á universidade. Actualmente é profesor de xornalismo en Santiago de Compostela, membro da Real Academia Galega e director de Editorial Galaxia. En 1980 gañou o Premio Modesto R. Figueiredo co relato “A caza das cascudas”. Posteriormente, coa súa primeira novela, *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982) obtivo o Premio Blanco Amor. En 1989, publica *O enxoval da noiva*, novela que recrea a Roma dos Borgia, e en 1993 gaña o Premio Torrente Ballester con *A cidade dos césares*. Antes dera ao prelo *Unha ducia de galegos* (1976), fito na recuperación da memoria do galeguismo a través do xénero da entrevista, e *Memoria dun fuxido* (1980), baseada na vida do guerrilleiro Manuel González Fresco. En 2010 publica en Galaxia a novela *Cabalo de ouros*, co que obtivo o Premio Autor do Ano da Federación de Libreiros de Galicia.

En 2012 obtivo o 1º premio ‘Rosa dos Ventos’ concedido polo alumnado de bacharelato do Instituto Santiago Apóstol de Bos Aires.

O seu primeiro libro é de 1976, *Unha ducia de galegos*, publicado en Galaxia. Nel recóllense entrevistas realizadas con doce personalidades da nosa cultura. En 1980 sacou do prelo *Memoria dun fuxido*, un texto baseado na vida de Manuel González Fresco, e polas mesmas datas gañou o premio Modesto R. Figueiredo de narración curta co relato *A caza das cascudas*.

A aparición en 1982 da súa primeira novela *O triángulo inscrito na circunferencia* (Premio Blanco-Amor, Premio da Crítica Española, Premio da Crítica de Galicia) consagrou a Víctor Freixanes como unha das figuras máis relevantes da narrativa galega. Posteriormente publicou os libros *O enxoval da noiva* (1988) e *A cidade dos Césares* (1993, Premio de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester). En 2001 coordinou o ensaio colectivo *Galicia, unha luz no Atlántico*.

Nos últimos anos mantivo unha intensa actividade no mundo editorial. En xuño de 2002 foi proposto para ocupar na Real Academia Galega a cadeira que ficou baleira logo da morte do seu amigo Carlos Casares. Tamén o substituíu como director xeral da Editorial Galaxia, posto que ocupa na actualidade. É ademais codirector da revista Grial.



Víctor F. Freixanes. Conversa con Valentín Paz-Andrade en *Unha ducia de galegos*, 1976

Vigo, nos primeiros anos do século XX, era xa una cidade puxante e industrial, a outra gran cabeza de Galicia. As inmigracions catalás e vascas (sobre todo as primeiras) chantaron na beiramar una industria florecente que orixinou una cidade florecente, vertixinosamente florecente, cunha burguesía moi activa () O mar, a gran forza de desenrolo de Galicia, segue a ser aínda hoxe una posibilidade mal aproveitada, anque haxa cidades, coma Vigo, que son exclusivamente froito seu.

Víctor F. Freixanes. “A liña do ceo” en *A memoria de Vigo*. 1994

Velaqui a concentración urbana de crecemento máis rápido, convulso, trepidante e desordenado da Europa do presente século. A California Atlántica. A épica do traballo...

Durante moitos anos esta foi para nós a porta de América. De saída e de regreso. Para os que ían e para os que volvían. Para os que marchaban e para os que quedaban. A luz de Occidente...

Debaixo da miña casa vivía un xastre. Era catalán, da Barceloneta. Tíñalle una devoción especial a Josep Pla e estaba subscrito a *Serra d’or* e á vella revista *Destino*. Chegou a Vigo no 53 camino de America (el tamén), cun billete para a Arxentina. Alguén lle encargou un traxe. E xa non marchou.

Víctor F. Freixanes, “Territorios do misterio” en *Johan de Cangas, Martín Codax, Meendinho*. 1998

Nas orixes da nosa literatura, coma una antiga Afrodita, principio de todas as cousas, está o mar. Leguas de costa dende Ortegal a Lisboa, dende os xardíns vizosos das rias, onde as amigas despíden os seus namorados e prenden candeas de amor, ás puntas de Sagres, que serán logo os camiños do portugués. E no centro, coma un corazón latexante, o mar de Vigo.

Víctor F. Freixanes. *Mar de Vigo*. 2004

Castelao pintou o Berbés na luz primeira da amañecida. Unha cidade dentro da cidade. Un universo dentro do universo, coas escamas a escintilar, igual que cestos de cargados de prata. O mundo a ferver nacendo do mar, a nosa fartura...

Víctor F. Freixanes. *Cabalo de ouros*. 2010

Aliña das rías facía o servizo da costa por Vilaboa, Cesantes e Redondela ata Vigo. Trasatlánticos coma mundos a fondear na baía. De noite enchíana de luces, e os vigueses, no verán, baixaban ata as avenidas por ver aquelas cidades flotantes que viñan de Inglaterra e anunciaban o camiño das Américas.

A Rosaura confesoulle una tarde ao Lobeiras que o que máis a impresionara de Vigo foran os tranvías. Moito máis ca os grandes barcos que atracaban nos peiraos coas noticias das Américas. Os barcos eran cousa sabida, igual que os ombús do Paraguay, as chacras de Lujan, as rúas e as avenidas de Buenos Aires () Os tranvías non. Para a moza Rosaura, a vida, a luz e a liberdade, que aínda que non o dicía así eran a mesma cousa, materializábase no espectáculo dos tranvías...

Víctor F. Freixanes. "Lembranza do xornalista" en *Valentín Paz Andrade. Galicia como tarefa*, 2012

Vigo era xa daquela o músculo industrial, primeiro campo de transformacións económicas e sociais da Galicia nova, pulmón e principal fonte de enerxía que as alimentaba...

ASÍ SENTEN VIGO...





BENIGNO CAMPOS

Vigo, paraíso da gastronomía galega.

Vén a Vigo a descubrir a felicidade.

Goza dos manxares dos nosos mares en Vigo.

Vigo, cidade do benestar e do bo xantar.



FRANCISCO CASTRO

Ondas do Mar de Vigo: cóxegas atlánticas

Dentro da ostra vive unha pedra cor maruxía

Como dixo o Capitán Nemo: velaquí a baía máis fermosa do mundo

As Cíes arrolan o soño celta da cidade máis viva

Vigo: onde non se coñece a palabra *imposible*



TOMÁS ALONSO


Vigo salgado, doce, rico.

Sol e chuvia, pedra e lienzo, castro e praia. Vigo.

Ostrás, Vigo!

Vigo, un manxar para gozar a lume maino

Para ver, para comer, para gozar, para festexar, para perderse, para encontrarse, para estar, para volver, para vivir. Vigo.



XOSÉ NEIRA VILAS

A terra e o mar que sempre nos agardan.

Faro de Europa occidental.

Luceiro do Noroeste ibérico.

Azul sorriso atlántico.

Símbolo da Galicia do mañá.

Alborada que alumea a América

Corazón no que late o Mar Atlántico

Rosa náutica de Europa

Oasis entre dous mundos

Nave con rumbo de futuro.



MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

Teño moito máis que ollos para esta cidade

Vigo ten a harmonía do caos.

O abalo do Atlántico chega no cheiro, no grito das gaivotas,
nos tripulantes dos barcos... Aspira!

Instantes sublimes os ocasos na Ría de Vigo. Sería oportuno
deter toda actividade na cidade neses intres.

As camelias enchen as rúas lembrando que a beleza é
efémera.

Altivos guindastres onde o ferro se alza en arte proletario



INMA LÓPEZ SILVA

As Cíes non cha deixan ver, pero detrás está Nova York

En Vigo está o único Calvario no que non te cravan

Bouzas, outro mundo


Quen quere ir de viños en Marbella podendo facelo na Pedra?

Non é fútbol, é o Celta.

A Ría é máis bonita a través dos guindastres do porto.

Sabes que a primavera chega á Praza de Compostela dúas semanas antes que ao resto do mundo?

Vulcano: a praia máis fermosa



AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

A puxanza da vida, a bulir inesgotable nesta cidade de mar e de palabras.

A pedra, o mar, o ceo. Vigo: a beleza esencial, alfaia da beiramar atlántica.

Canta paixón e canta vida no decorrer dos anos! Vigo: un río de mans e corazóns solidarios.

Mar e metal, peixe e barcos: eis a cidade construída coa forza do traballo!

Vigo: a seiva do pasado, o vigor do presente, a vontade de futuro.



ANXO PINTOS

Vigo, o 1º lugar do mundo ao que che levaría o teu gps por defecto... se fora intelixente

Vigo: a diversidade máxica dun microcontinente lonxitudinal

a mellor praia do mundo? ... razón en Vigo.

Vigorexia. terapia atlántica.

Igo: big bang atlántico

A ría de Vigo: o confín do mundo onde o océano soña un mar de abrazos verdes



ALFONSO ÁLVAREZ CÁCCAMO

Vigo, vento de verbas, voz de verso

Vigo, unha terra precisa, un mar sen fronteiras

Vigo, océano, horizonte e universo

Vigo, conciencia, traballo, cultura e irmandade

Vigo, abeiro das singraduras



MARIA DO CARMO KRUCKENBERG

Ninguén navega mellor que os soñeiros da miña terra
viguesa

Vigo déixase acariñar pola luz que envolve os soños do Novo
Mundo

Vigo déixase aloumiñar pola luz que envolve a pel do vento

Dende o amencer ata a noite, o eco das profundidades repite,
Vigo, Vigo, Vigo...

O meu amor canta a beleza das areas que fai repenicar as
cunchas

Agarda que a noite viguesa ata o amencer, cando as estrelas
semellan peixes brincando coa lúa



UXÍA BLANCO

VIGO, MEU

VIGUÉSAME MOITO

MIL VIGOS... NÚN

O EMBIGO DO MUNDO, VIGO

Estou X vigo

VIGO, ENAGUA DE ESCUMA

BÍCAME EN VIGO



ANTÓN RIVEIRO COELLO

Un porto de ida e volta para o mundo.

As Cíes, un paraíso permanente na porta da ría.

Un eixo aberto para os cinco continentes.

Unha cidade culta cun corazón proletario.

Vigo, o pulo atlántico dunha serea azul

Vigo, un castro fincado no futuro.

Na Ribeira do Berbés dormen soños mariñeiros.



UXÍA SENLLE

Vigo, a varanda do Atlántico, asómate!

A Ría de Vigo agocha tesouros que o mar irá desvelando

Ondas do Mar de Vigo, se vistes meu amigo, dicídelle que o
Celta xa
é de Primeira

VIGO, Cidade sen murallas, Capital da Alegría, en cada
esquina un amigo,

Por debaixo do mar, o Cable Inglés comunicounos co resto do
mundo.

SÓS, Vigo e máis Nós

Ondas do Mar de Vigo, se vistes meu amigo

dicídelle que non o preciso,

que a cidade me acolle e que por el xa non suspiro!



FINA CASALDERREY

Metáfora de luz, pan e compango.

Un perímetro de infinitos ángulos.

Un berce para o imaxinario.

Un universo á par do mar, esa riqueza.

Eficaz invención de futuros.



RODRIGO ROMÁN

Vigo: cara ao Nordés, unha Guía.

Onde se deitan as palabras aloumiñadas polo sol.

A forza da vida, rompendo as arterias da cidade

No fondo da ría, o ouro esquecido. Na ribeira, o suor da forxa.

Vigo ten o sabor salgado do tempo pasando inadvertido



ROMÁN RAÑA

Vigo no solpor, sal e salitre no corazón.

As illas que navegan os teus soños son as Cíes.

Os barcos do Berbés debuxan sobre as ondas

O que es e o que non ves.

O Vao: o entusiasmo do sol no brancor das areas.

Samil: a paisaxe do amor polos corpos de Vigo



XAVIER ALCALÁ

Vigo, estrela do sur, a sinalar o camiño portugués.

Vigo, cidade das telecomunicacións: onte, cabos telegráficos submarinos; hoxe, constelacións de microsátélites.

Vigo, antesala da Iberoamérica: de Veracruz a Punta Arenas, do Golfo de México ao Estreito de Magalláns.

Vigo, casas brancas sobre lombas verdes a ollar a ría: das Cíes a San Simón, unha ribeira de traballo e un mar de poesía.

Alén das Cíes toda América é viguesa, de Boston a Ushuaia, do Cabo Cod ao Cabo de Hornos todas as rutas chegan a Bouzas.

De Rande a Nantes de Francia, de Nemo a Verne, 20.000 leguas de soños submarinos.

Vigo: futuro de verde, de oliveira e mar, cheo de esperanzas

No mar de Vigo sempre haberá un amigo

Vigo, onde a industria é arte con tradición

Vigo da Ciencia, Campus de todos os mares, Universidade dos océanos, Cidade Verde na Bola Azul.

Vigo, praza aberta aos sete mares

